



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 752 Semana do 16 ao 22 de outubro de 2017

URXE CORRIXIR O PROBLEMA ESTRUCTURAL DO FORESTAL GALEGO E PERSEGUIR, SEN TREGUA, AOS INCENDIARIOS

UGT LAMENTA A CATÁSTROFE FORESTAL QUE ASOLAGOU GALICIA E TRANSMITE O SEU PESAR ÁS FAMILIAS DAS VÍTIMAS

É necesario un pacto de país para abordar o modelo forestal de Galicia

Redacción.- A Comisión Executiva de UGT-Galicia lamenta a catástrofe forestal que sufriu Galicia polas súas dimensións dramáticas e consecuencias humanas, económicas e medio ambientais.

Esta vaga de lumes que asolagou Galicia nestes últimos días se cobrou catro vítimas. Neste senso, UGT transmite o seu pesar ás súas familias e amigos nestes momentos tan complexos e tamén traslada os desexos dunha pronta recuperación dos feridos.

Recoñecemento aos brigadistas pero críticas á falta de previsión e ineficacia dos responsables do deseño do operativo

Ademais, tamén é o momento para recoñecer as tarefas que desenvolveron os traballadores que forman o dispositivo do SPDCIF en Galicia (técnicos, axentes e bombeiros forestais), a pesar da falta de previsión e ineficacia dos responsables do deseño do operativo contra incendios da Xunta de Galicia, situación que está a ser denunciada de xeito reiterado polas asociacións e organizacións profesionais. Os picos de incendios cada vez están máis desestacionalizados, sendo estes fora da época estival. Este ano, sen ir máis lonxe, coincidiron en plena Semana Santa (abril) e no mes de outubro, dous meses que están a ser de especial actividade incendiaria nos últimos tempos.

Tampouco se pode esquecer o recoñecemento ás labores realizadas pola cidadanía que axudou e participou na extinción, tanto para protexer os seus bens como para colaborar co dispositivo.

Á vista o acontecido, é evidente que existe un problema estrutural do sector forestal galego, que segue sen resolverse porque non se descifrou a incógnita resultante da fórmula: prevención-limpeza de montes-extinción de lumes.

Novo modelo que faga énfase na

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

prevención, non só na extinción

É imprescindible que a Consellería do Medio Rural abra unha mesa na que poder abordar o cambio dun modelo que hai moito tempo que se revela obsoleto. A nova planificación debe facer énfase na prevención, non unicamente na extinción. O cambio de modelo levaría implícito que o persoal fixo-descontinuo, que traballa tres ou nove meses, prestase servizos todo o ano e cunhas condicións laborais dignas.

Así mesmo, UGT esixe a cobertura inmediata de todas as vacantes, sexan por baixas, por vacacións ou outras circunstancias. Considera vergoñento que un servizo de emerxencias estea coa maioría de brigadas incompletas, que haxa puntos de vixilancia pechados ou con quendas deficitarias, que non haxa bombeiros condutores para todas as motobombas ou que todos os centros de coordinación non poidan funcionar as 24 horas.

Coordinación entre as administracións

A realidade dos feitos tamén amosa a necesidade de poñer en marcha en Galicia un sistema de coordinación efectivo entre todas as administracións, Autonómica e Local, con competencias relacionadas coa prevención e a intervención no caso de lumes forestais.

A realidade é tan teimuda que cando as condicións climáticas son extremas, como estaba a suceder estes días, as medidas tamén

tiñan que ser extraordinarias. Aínda que tamén é certo que, detrás do acontecido, existe unha sospeitosa intencionalidade. Por iso, é necesario descubrir e deter aos incendiarios e aos seus cómplices, algo no que as autoridades non deberían escatimar nin medios nin esforzos porque estas agresións non deberían quedar impunes.

Liñas de traballo

Hai liñas de traballo que UGT ven reiterando xa dende hai anos e que non terminan de implementarse, por moito que cada certo tempo Galicia teña que ser vítima dunha catástrofe como a vivida estes días.

Urxe poñer en marcha medidas estratéxicas para incorporar o monte ao desenvolvemento rural de Galicia, entendendo o desenvolvemento rural coma un factor clave de prevención dos incendios forestais. É pensar en futuro, adoitando solucións estruturais a unha praga que nos persegue ano a ano.

O monte ten que ser un recurso posto ao servizo da creación de riqueza no medio rural, xerando materias primas renovables, empregos de base rural e rendas paralelas ás da agricultura e gandería para agricultores, gandeiros e silvicultores.

É urxente afrontar o deseño dunha política forestal en colaboración cos propietarios, onde

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

haxa sitio para tódalas especies, tendo en conta que hai dous millóns de hectáreas de monte e que hai diversas condicións de chan e de capacidade produtiva para planificar o aproveitamento forestal.

É evidente que Galicia debe dotarse dun novo modelo de servizo de defensa contra lumes forestais, xa que o actual dispositivo non pode responder a unha relación “máis lume – máis traballo”. O dispositivo debe ir integrado na nova proposta de xestión do monte. O persoal dedicado á prevención e á limpeza do monte debe estar traballando todo o ano para xerar riqueza forestal.

Trátase de darlle vida a un sistema con brigadas permanentes, con medios e recursos sofisticados, dotación económica

suficiente que cubra todas as necesidades dos traballadores dos servizos implicados de cara a aumentar a súa autoestima, fomentar a súa profesionalización e salvaguardar a súa saúde. Nin que dicir que os recursos aéreos e terrestres teñen que ser suficientes.

Apagamento informativo

No eido informativo, hai que criticar o apagamento informativo en relación aos incendios, tanto por parte da Xunta de Galicia, que durante o máis grave desta crise mantivo un mutismo que non se comprende, como por parte dos medios de comunicación públicos, que reaccionaron incluso máis tarde que os estatais á hora de ofrecer un programa de acción especial. Os sindicatos consideran moi grave este intento por minimizar entre a opi-

nión pública os efectos dunha catástrofe como hai anos que non se lembra. A falta de información veraz e actualizada expuxo a riscos graves a gran parte da poboación das localidades máis afectadas pola vaga de lumes, lamentan.

Pacto de país

Finalmente, UGT manifesta que o debate sobre esta problemática débese afastar da loita partidaria. Desde o Sindicato enténdese que a actual situación de sensibilidade social en torno a esta problemática debe ser canalizada para propiciar un pacto de país que aborde a problemática forestal. Neste sentido, o primeiro paso debe ser a creación dunha comisión parlamentaria na que participen os axentes sociais e económicos.

FE SP-UGT DENUNCIA DESFRAGMENTACIÓN, FALTA DE PREVISIÓN E INEFICACIA POR PARTE DOS RESPONSABLES DO DESEÑO DO OPERATIVO DA LOITA CONTRA OS LUMES EN GALICIA

Redacción.- Os responsables do Sector de Autonómica da Federación galega de empregados e empregadas dos Servizos Públicos (FeSP-UGT) e o responsable de Bombeiros Forestais denuncian desfragmentación, falta de previsión e ineficacia por parte daqueles que están ao fronte do deseño do operativo da loita contra os lumes en Galicia nesta última vaga que asolou esta Comunidade.

Neste contexto, desde UGT o primeiro que se quere resaltar é o esforzo persoal dos traballadores que forman o dispositivo do SPDCIF en Galicia (técnicos, axentes e bombeiros forestais), que estes días renunciaron a días libres, vacacións e realizaron xornadas de 12 horas de traballo para poder atallar a virulencia dos lumes que levan unha semana asolando o noso país e con maior incidencia este fin de semana.

Tamén se agradece o apoio solidario de toda a cidadanía que axudou e participou na extinción, tanto para protexer os seus bens como para colaborar co dispositivo.

Ademais, é o momento de denunciar a alta actividade incendiaria, á espera da investigación das causas que motivan os incendios, e solicitar calquera colaboración cidadá que poida dar algunha información sobre os responsables destes lumes.

Desmantelamento negligente do dispositivo de reforzo de verán cunhas condicións climáticas de risco extremo

Á vista de como sucederon os feitos,

UGT denuncia a falta de previsión, ineficacia e inoperancia dos responsables do deseño do operativo contra incendios da Xunta de Galicia ao desmantelar de xeito negligente o dispositivo de reforzo de verán cunhas condicións climáticas de risco extremo de incendios forestais en gran parte do territorio.

Sumado a isto, a Consellería négase á cobertura de moitas vacantes, baixas e vacacións do persoal que forma o dispositivo permanente do SPDCIF, que fai que as brigadas de bombeiros forestais estean incompletas, casetas pechadas e motobombas paradas, cando non existe restrición orzamentaria para a provisión destes postos.

Por isto, UGT esixe responsabilidades á Consellería do Medio Rural ante quen tomou a decisión de cesar ao reforzo do período de alto risco coas condicións climáticas que se estaban a dar xa naqueles intres e cunha seca de máis de 6 meses en toda Galicia.

A realidade é que foron cesados na súa actividade o día 30 de setembro 436 traballadores do SPDCIF e reactivados o día 10 de outubro. A maiores outros 500 traballadores son cesados o día 12 de outubro, que forman 125 brigadas da E.P. SEAGA e reactivados para o día 16 de outubro, pese a advertencia e solicitude por parte desta Organización sindical da necesidade da súa continuidade.

UGT leva anos reivindicando o deseño dun operativo único, público, permanente e profesional pero a Consellería négase reiteradamente ao diálogo. Hai

que asumir que as características dos lumes en Galicia cambiaron e polo tanto o modelo de deseño do operativo está obsoleto e debe revisarse.

A desfragmentación do dispositivo actual xera unhas eivas de operatividade que teñen que ser corrixidas. Así, o dispositivo actual está fragmentado entre a esfera pública, diversificado entre a Xunta de Galicia, entidades públicas (SEAGA e TRAGSA) e a Administración local, con diferentes marcos de relacións laborais e condenando a preto de 3000 traballadores á precariedade laboral sen expectativa de mellora. Estes traballadores son as brigadas de concellos, SEAGA e o reforzo do SPDCIF de alto risco de incendios. Sumado a isto a participación da esfera privada mediante a contratación de helicópteros, palas e bulldozers.

Ademais de todo isto, son causa dos incendios forestais a ausencia dunha política forestal que debería basearse na prevención e na ordenación do monte, así como, a falta de medidas contundentes por parte da Consellería do Medio Rural na investigación das causas dos incendios forestais con medios propios, xa que existen BIIFs da Xunta de Galicia (brigadas de investigación de incendios forestais).

Reunión sindicatos sectoriais

Os sindicatos sectoriais reúnen para plantear o colectivo do SPDCIF a esixencia de responsabilidades e a necesidade de elaborar un plan de acción conxunto.

UGT ORGANIZA EN OURENSE A XORNADA “MULLER, TRABALLO E PREVENCIÓN DE RISCOS DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO”

Redacción.- UGT-Galicia organiza o vindeiro día 25 de outubro na sede da Unión comarcal de Ourense a xornada “Muller, traballo e prevención de riscos dende a perspectiva de xénero”.

Nesta intervirán as secretarías de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez; e de Saúde Laboral e Medio Ambiente, Raquel Seijas, e tamén María Teijeiro, médica do traballo do servizo de prevención de riscos do Sergas.

Na xornada, que está dirixida a delegadas/os, cadros do Sindicato e traballadoras/es en xeral, debatirase sobre o marco xurídico para a aplicación da perspectiva de xénero na seguridade e saúde no traballo e analizaranse as condicións de traballo e prevención de riscos: avaliación de riscos

con perspectiva de xénero, riscos por embarazo e lactación.

Negociación colectiva dende a perspectiva de xénero

Na segunda parte da xornada analizarase a negociación colectiva desde a perspectiva de xénero e poñeranse enriba da mesa as propostas sindicais e as liñas de actuación.

Lembrar que xa o pasado día 11 celebrouse unha xornada similar, que contou cunha ampla participación, en A Coruña.

Se queres participar, dirixete á Unión de Ourense-Verín-Valdeorras (Parque San Lázaro, 12, Ourense) ou chama ao teléfono 988226135.

XORNADA SOBRE A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO: MULLER, TRABALLO E PRL

25 de OUTUBRO UGT-Ourense

Programa:

- 09:15 - 09:45. **Presentación da xornada.** Secretario de Saúde Laboral e Medio Ambiente UGT-Galicia
- 09:45 - 10:45. **Marco xurídico para a aplicación da perspectiva de xénero na seguridade e saúde no traballo.** Servizo de Prevención de Riscos de SERGAS
- 10:45 - 11:45. **Condicións de traballo e prevención de riscos: avaliación de riscos con perspectiva de xénero. Risco por embarazo e lactación.** Servizo de Prevención de Riscos de SERGAS
- 11:45 - 12:00. **Descanso**
- 12:00 - 13:00. **A negociación colectiva desde a perspectiva de xénero.** Secretario de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia
- 13:00 - 14:00. **Propostas sindicais e liñas de actuación.** Gestora Titular PRL UGT-Galicia

PARA INSCRIBIRTE, DIRIXETE Á UGT-OURENSE, VERÍN E VALDEORRAS (Parque de San Lázaro, 12-tercer, 32005-Ourense) Teléfono: 988226135

Colo patrocinador de: UGT Galicia XUNTA DE GALICIA

A ANÁLISE, A PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS NO SECTOR DO TELEMÁRketing E CALL CENTERS

Redacción.- O vindeiro día 23, este luns, UGT-Galicia organiza na sede do Sindicato en A Coruña unha xornada sobre “Prevención de riscos laborais no sector do telemarketing e call centers”.

A apertura do acto correrá a cargo da secretaria de Saúde laboral e Medio ambiente de UGT-Galicia, Raquel Seijas.

Xa, concretamente, a temática riscos laborais derivados da organización do traballo e enfermidades profesionais no sector do telemarketing será abordada por un representante do ISSGA (Xunta de Galicia).

O secretario de Política sindical, Emprego e Seguridade Social, Luís Baneira, falará sobre o marco regulatorio da xestión da incapacidade temporal.

Aqueles que estén interesados en participar nesta xornada, que comezará ás 9.15 horas e está previsto que remate sobre as 14.00 horas, poden dirixirse á sede de UGT-Coruña-Cee, emprazada na rúa Fernández Latorre, 27, primeira planta en A Coruña. Tamén se pode chamar ao teléfono 981241122.

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO SECTOR DO TELEMÁRketing E CALL CENTERS

Programa:

- 09:15 - 09:45 **PRESENTACIÓN** Raquel Seijas Lamas, 1ª de Saúde Laboral e Medio Ambiente UGT-Galicia
- 09:45 - 10:45 **PONENCIA:** A incorporación no emprego da prevención de riscos laborais: mecanismos de prevención e control de enfermidades e lesións. Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- 10:45 - 11:45 **PONENCIA:** Os riscos psicofísicos no sector do telemarketing. ISSGA, Xunta de Galicia
- 11:45 - 12:00 **Pausa-card**
- 12:00 - 13:00 **PONENCIA:** Marco regulatorio de prevención de riscos laborais. Emprego e Seguridade Social UGT-Galicia.
- 13:00 - 13:30 **CONCLUSIÓN E CLAUSURA**

PARA INSCRIBIRTE, DIRIXETE Á UGT-CORUÑA E CEE (S/ Fernández Latorre, 27 1ª 32004 A Coruña) Tel.: 981 241 122

Colo patrocinador de: UGT Galicia XUNTA DE GALICIA

NOVA CONCENTRACIÓN EN VIGO PARA DEMANDAR O INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN

Redacción.- O Marco de Vigo acolleu, de novo, este xoves unha concentración para demandar o indulto para Carlos e Serafín.

Lembrar que ambos foron condeados por participar nunha folga do transporte da provincia de Pontevedra e defender os dereitos laborais e sociais dos seus compañeiros.



FESP RECLAMA QUE O PLAN DE ESTABILIDADE SEXA “O INICIO DA RECUPERACIÓN DA SITUACIÓN PREVIA Á CRISE”

Redacción.- A Xunta de Galicia e as organizacións sindicais UGT, CCOO e CSIF asinaron o mércores un acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego público.

O obxectivo deste acordo, ao que poden adherirse sindicatos sectoriais representativos, é incrementar a estabilidade e reducir a taxa de temporalidade no emprego público dependente da Xunta de Galicia, aplicando as medidas do acordo de emprego asinado polo Ministerio de Facenda e estas tres organizacións sindicais en marzo do presente ano.

FeSP-UGT Galicia solicitou o establecemento de calendarios de ofertas, simplificación de temarios e que quedara reflectido no acordo que é o inicio dun proceso de negociación de recuperación da situación preexistente ao momento da crise.

Este sindicato entende que se mudaron as causas económicas que se xustificaron no Parlamento para aprobar a suspensión temporal dos acordos da Lei 1/2012, non se pode manter esas suspensións. Por este

motivo, FeSP-UGT seguirá demandando a recuperación de dereitos e salarios e “esperamos que este acordo de estabilidade sexa o punto de inicio da devandita recuperación”.

O acordo. O compromiso asinado, que terá unha vixencia de tres anos (2017-20) suporá a creación dun mínimo de 14.750 prazas de aquí ata 2020. Segundo o acordo, este plan supón reducir ao 7% a taxa de temporalidade na Administración e vaise aplicar en todos os servizos públicos (ensino, Sergas, xustiza, persoal laboral, persoal funcionario, entes).

No período de vixencia do acordo aprobaranse ofertas de emprego público a través de concurso-oposición, que serán previamente negociadas nas mesas sectoriais.

Tamén se establece neste acordo que as prazas de promoción interna de indefi-



nidos por sentenza xudicial ou dotadas orzamentariamente e ocupadas de forma interrompida dende antes do 01-01-2005 non computan na taxa, así como, que o tempo de servizos prestados suporá a porcentaxe máxima legalmente establecida.

Por último, sinalar que se creou unha comisión de seguimento deste acordo e que se procedería a ampliación deste compromiso no caso de prorrogarse o acordo a nivel estatal.

UGT, CCOO E USO CONVOCAN CONCENTRACIÓNS EN SEGURIDADE PRIVADA O PRÓXIMO 24 DE OUTUBRO

En Galicia está convocada unha concentración fronte ao Parlamento

Redacción.- Tras meses de negociación, a patronal, en pasadas datas, retirou provisionalmente da mesa de negociación elementos de retroceso para a totalidade de vixiantes de seguridade baseados na conxelación da antigüidade, modificación de IT e cambio substancial en canto a dereitos vinculados co transporte de fondos. A pesar diso, a patronal segue mostrando unha manifesta pasividade en abordar compromisos reais de incrementos minimamente razoables de salarios, así como establecer elementos de avance suficientes cimentados no diálogo social. Por estes motivos, as tres centrais sindicais chamamos á mobilización na seguridade privada o próximo día 24 de outubro, co obxectivo de:

- Incorporar incrementos salariais razoables á negociación.
- Establecer cláusulas de revisión salarial.
- Abordar debate suficiente sobre a xubilación anticipada.

- Establecer criterios adecuados sobre os permisos retribuídos.

- Salvaguardar a subrogación en situación de prexubilación.

- Abordar a empregabilidade no sector ante a implantación de novas tecnoloxías.

- Manter a negociación aberta para incorporar posibles acordos que se establezan na mesa aberta co Ministerio de Fomento.

- Abordar problemáticas específicas de insularidade e concretas para Ceuta e Melilla.

Son peticións totalmente razoadas e medibles que, lonxe de inspirarse en propostas populistas de escaso percorrido, o sector no seu conxunto debe “desde a mobilización e desde a negociación na mesa” introducir na negociación.



A seguridade privada en España merece un cambio de modelo tanto no sector público como no cliente privado. Eliminar a competencia desleal entre empresas coa complicidade dos seus clientes debe converterse na máxima tanto de sindicatos como de traballadores desde a mobilización e a negociación.

A UXP-UGT de Vigo organiza un curso sobre “Memoria”

Redacción.- A UXP-UGT-Vigo ven de poñer en marcha nas instalacións da Unión un curso sobre “Memoria”, que se prorrogará ata novembro, e co que se busca que os máis maiores teñan recursos e soportes para poder axilizar a memoria no seu día a día ou naquelas actividades extraordinarias que pretendan realizar.



CATALUÑA: ESTAMOS A CHEGAR A UNHA SITUACIÓN LÍMITE ONDE A SOLUCIÓN SEGUE SENDO O DIÁLOGO

Comunicado de UGT e CCOO

Redacción.- En relación a Cataluña, CCOO e UGT manifestámonos ante cada un dos feitos que se produciron neste proceso afirmando que estamos ante un conflito político e que por tanto requírense solucións políticas; que as accións, que leven a cabo desde o Goberno de España para enfrontar a situación, deben ser proporcionadas e que para favorecer unha solución negociada debíase renunciar a medidas de carácter unilateral.

Na mañá do xoves coñecemos a resposta do presidente da Generalitat ao requirimento do Goberno e a decisión adoptada por este ao coñecela. Ante a situación creada, UGT e CCOO queremos facer as seguintes consideracións:

1.- As decisións adoptadas polo Parlamento de Cataluña os pasados 6 e 7 de setembro sitúanse claramente fóra da

Constitución e do Estatuto provocando un choque de lexitimidades que responde a unha estratexia de ruptura que non compartimos.

2.- A inacción política do Goberno e fialo todo á resposta xurídica e policial é unha estratexia irresponsable que leva parellos comportamentos autoritarios e que ademais se demostrou absolutamente contraproducente.

3.- UGT e CCOO opinamos que, da resposta dada o xoves polo Presidente de Cataluña, dedúcese que o pasado 10 de outubro non se declarou a independencia de Cataluña, aínda que non nos pareza a mellor maneira de dicilo acabando a carta cunha ameaza máis ou menos velada.

4.- Que nesa medida non compartimos que a única contestación do Go-

verno consista en anunciar unha convocatoria do Consello de Ministros para o sábado 21, no cal se pretende activar o artigo 155 da Constitución.

5.- Por todo iso, consideramos que se deberían apurar as estreitas marxes existentes para procurar unha solución negociada, sen descartar unha reunión urgente do Presidente do Goberno co da Generalitat, para acordar unha recondución do conflito antes de poñer en marcha as medidas contempladas na Constitución.

6.- Para CCOO e UGT, a recondución do conflito debería pasar por negociar unha solución política cuxo marco debería ser unha reforma constitucional na que, xunto a cuestións de carácter social, de dereitos e liberdades, se regulase unha nova configuración do Estado de carácter federal.

UGT CELEBRA, AO FIN, A CONVALIDACIÓN NO CONGRESO DA PRÓRROGA DO PLAN PREPARA

Ata o 30 de abril de 2018, con efecto retroactivo desde o pasado 15 de agosto

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores valora a convalidación do Congreso do Decreto lei que establece unha nova prórroga do Plan Prepara ata o 30 de abril de 2018, con efecto retroactivo desde o pasado 15 de agosto.

Para UGT, este plan é un programa esencial para ofrecer unha renda, xunto con importantes accións de políticas activas para mellorar as súas oportunidades de emprego, a desempregados que esgotaron todas as prestacións. Era esencial que se aprobase xa esta regulación e non se atrasase máis a súa convalidación tras terminar o pasado mes de agosto, algo que criticaron os grupos políticos ao Goberno no pleno.

Ademais deste programa, o sindicato considera imprescindible que se poña en marcha

o diálogo social para reformar toda a protección por desemprego neste país, co fin de que protexa máis e mellor, súbbase a taxa de protección por desemprego, e tal e como di a doutrina do Tribunal Constitucional inclúase nesta revisión integral da protección por desemprego unha maior coordinación na xestión, conforme ás súas competencias, coas comunidades autónomas.

Neste sentido, as comunidades autónomas aceptaron xa facer unha encomenda de xestión ao SEPE para que continúe pagando as axudas aos desempregados beneficiarios do mesmo. Con todo, a solución é temporal porque se debe abordar unha negociación entre interlocutores sociais e o Goberno sobre o sistema de protección por desemprego, no marco da cal debería abordarse a reestruturación do PAE e o Prepara.

Para UGT, é imprescindible acometer unha reforma en profundidade destes programas de protección e axudas dirixidas aos colectivos con máis dificultades de inserción, na mesa de diálogo social, co obxectivo de que se incrementen os dereitos dos desempregados e consígase que a avaliación e diagnóstico dos desempregados e os itinerarios personalizados de inserción sexan un dereito básico de todas e todos os desempregados deste país.

A Unión Xeral de Traballadores considera imprescindible un verdadeiro Plan de Choque polo Emprego, no que o sindicato propuxo na mesa a avaliación de todos os desempregados/as actuais, co fin de establecer itinerarios personalizados de inserción, tal e como se fai no resto de países do entorno europeo.

UGT e CCOO NON ESTÁN A NEGOCIAR UNHA REFORMA LABORAL

Redacción.- As confederacións sindicais Unión Xeral de Traballadores e Comi-sións Obreiras non están a negociar co Go-berno ningunha reforma laboral, polo que desmenten as informacións que apuntan nesa dirección. O Plan Orzamentario 2018, enviado polo Goberno a Bruxelas o pasado luns, inclúe algunhas medidas de carácter laboral que non están a ser negociadas cos interlocutores sociais. UGT e CCOO recibiron do Ministerio de Emprego, no mes de setembro, unha listaxe de materias que aínda non se abordaron.

A ministra Báñez, a petición dos inter-locutores sociais, expuxo unha listaxe de materias con propostas para as mesas de diálogo social abertas que aínda non se convocaron. Por tanto, non hai negocia-ción en marcha e ambos os sindicatos mantemos a nosa esixencia de derrogar as reformas laborais de 2010 e 2012 para res-tablecer o equilibrio roto no sistema de re-lacións laborais, e a partir do cal retomar a recuperación de dereitos no noso marco la-boral e derrogar e modificar os aspectos le-sivos das anteriores reformas. En especial, é necesario acabar coa dinámica da pre-

cariedade, establecendo outros paráme-tros de estabilidade no emprego e aca-bando co despedimento barato e libre.

O mercado de traballo atópase nunha situación de desprotección que hai que ata-llar porque o 14% das persoas con em-plego están por baixo do limiar da pobreza e case unha terceira parte (32,6 %) da po-boación pobre, en idade de traballar, conti-núao sendo a pesar de ter un emprego re-munerado. Ademais, cunha temporalidade próxima ao 30%, España é o segundo país da UE cunha taxa máis elevada de tempo-ralidade.

Por tanto, para CCOO e UGT é im-prescindible negociar medidas que fomen-ten a contratación indefinida e penalicen e persigan a contratación temporal sen causa.

Neste sentido, medidas como o con-trato temporal con indemnización crecente, incluída no Plan Orzamentario, non é senón unha modalidade do contrato único des-causalizado, que non ten cabida no noso dereito laboral, e que as propias institu-



cións da UE tiñan abandonado.

A situación actual é de incumprimento legal masivo por parte das empresas pero a solución non é cambiar a lei ao antollo das empresas defraudadoras, senón impedir a fraude mediante novos mecanismos legais, polo que unha forma de poñerlle coto á temporalidade fraudulenta é, por unha banda, incrementar a indemnización dos temporais legais -o que esixe un incre-mento de cotizacións para os contratos temporais- e un control real e exhaustivo da temporalidade por parte da Inspección de Traballo.

O GOBERNO SOBE O 0,25% AOS PENSIONISTAS MENTRES RESCATA CON 2.000 MILLÓNS DE EUROS AS AUTOESTRADAS

Redacción.- O Goberno trasladou a Bruxelas o seu plan Orzamentario para 2018 e insiste en empobrecer aos pensio-nistas, revalorizando as pensións o 0,25%; mentres que asume un rescate de 2.000 millóns para as autoestradas de peaxe, que se atopan en concurso de acredores.

O novo cadro macroeconómico de 2018 do Goberno presentado modifica as estimacións realizadas ao comezo do verán sobre o mercado de traballo e recolle un in-cremento de 2 décimas da taxa de paro para este 2017 , debido a un menor cre-cemento do emprego.

O Programa Orzamentario 2018, que o Goberno trasladou a Bruxelas, mostra a irresponsabilidade do Executivo en mate-ria de investimentos públicos e para cos ci-dadáns. Desta forma, revaloriza só o 0,25% (propiciada pola reforma unilateral do Go-berno de 2013), pero asume un gasto de 2.000 millóns polas autoestradas de pe-axe, antes privatizadas e agora en con-curso de acredores.

Unha vez máis, con estas previsións, os pensionistas perderán poder adquisitivo. Tampouco se restituén os dereitos dos tra-balladores do sector público. Con todo, si se

destina parte do crecemento económico (un 3,1% en 2017 e un 2,3%, en 2018) a rescatar o sector privado (como é o caso das autoestradas). Esta fórmula de man-ter os ingresos e establecer un menor gasto social ten un enorme custo social.

Por outra banda, a nova proxección si-túa a taxa de paro para 2017 no 17,2% da poboación activa e estima que diminuirá case dous puntos adicionais en 2018, ata o 15,5%. Por tanto, recolle un menor cre-cemento do emprego respecto da estima-ción, que realizou o propio Goberno, en xullo deste ano.

Ao mesmo tempo, mantéñense os efectos da falta de calidade no emprego que caracteriza ao noso mercado laboral, onde a maioría dos traballadores e traba-lladoras perden poder de compra e non participan da recuperación económica.

O novo Plan Orzamentario mantén as previsións de ingresos públicos (contempla un cociente de ingresos públicos sobre PIB superior ao 38%) e un gasto decreciente, en case 2 puntos de PIB, de 2017 a 2018 (pasando do 41,2% do PIB ao 39,1%).

O Goberno segue antepoñendo a re-



dución do déficit público (mantén as súas previsións do 3,1% en 2017; 2,2% en 2018; 1,3% en 2019 e 0,5% para 2020) ás necesidades sociais e o resultado será que, a pesar do crecemento econó-mico, sigan crescendo a desigualdade e a pobreza.

Fronte a esta política, UGT considera que é preciso incrementar os ingresos e que o Estado non debe asumir gastos que non lle corresponden, máxime cando case o 28% da poboación está en risco de po-breza, e iso a pesar do crecemento econó-mico. O sindicato rexeita, por tanto, a pró-rroga dos Orzamentos para o próximo ano, igual que fixo cos de 2017 por ser escasa-mente sociais, e todas aquelas políticas que seguen incidindo en crecer á conta da igualdade.

UGT ESIXE UN PLAN DE ACCIÓN NACIONAL CONTRA O TRABALLO FORZOSO E A EXPLOTACIÓN LABORAL

Cristina Antoñanzas reclama máis recursos para protexer ás vítimas no Día Europeo contra a trata de seres humanos

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, esixiu "un marco integral de coordinación e colaboración entre Goberno, administracións públicas e interlocutores sociais que sirva de respaldo e dea impulso a medidas efectivas e eficientes para asegurar a protección das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación laboral".

Cristina Antoñanzas realizou estas declaracións durante a inauguración da xornada sobre trata e explotación laboral organizada por UGT, a UE e o Goberno de Aragón en Zaragoza, con motivo da celebración do Día europeo contra a trata de seres humanos, onde lembrou que o Goberno do noso país adquiriu fai dez anos o compromiso de elaborar dous plans de loita contra a trata "pero só un deles viu a luz e atópase en vigor, pero o segundo esqueuse".

"Unha das formas de explotación de trata máis descoñecidas e invisible é a explotación laboral ou explotación con fins de traballo forzoso", sinalou. "Segundo a Or-

ganización Internacional do Traballo (OIT), máis de 25 millóns de persoas en todo o mundo son vítimas do traballo forzoso e, segundo a ONU, o aumento de trata con fins de explotación laboral pasou de representar o 31% das vítimas de trata a nivel mundial en 2008 ao 38% en 2014".

Neste sentido, considerou que "a necesidade, a pobreza, a crise e os conflitos están a aumentar esta secuela social. España xa depositou o instrumento de ratificación do Protocolo de 2014 ao Convenio de Traballo Forzoso da OIT, que entrará en vigor no noso país dentro dun ano. Para UGT, esta ratificación é positiva pero non podemos esperar un ano para adoptar as medidas necesarias para protexer ás vítimas e previr esta explotación".



Por iso, esixiu ao Goberno "que dea inicio ao diálogo para comezar a deseñar unha política e un plan de acción nacional contra o traballo forzoso; que se analicen e promóvanse as reformas necesarias no ámbito penal, laboral e de estranxeiría, para responder de forma eficaz ás formas que adopta a explotación e para protexer a todas as vítimas; e que se retome a elaboración do pendente plan de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación laboral, cunha dotación orzamentaria suficiente".

FAI FALTA VONTADE POLÍTICA PARA ACABAR COA DESIGUALDADE E A POBREZA OBSCENA



Muévete contra la DESIGUALDAD OBSCENA

#desigualdadboscena

Redacción.- O secretario de Política Internacional, Jesús Gallego, e a secretaria confederal, Adela Carrió, participaron na concentración fronte ao Congreso dos Deputados, convocada pola Plataforma Alianza contra a Pobreza, da que UGT forma parte, para reclamar "vontade política" para que "se tome en serio un asunto tan obsceno como é o aumento da pobreza e a desigualdade". Neste acto os distintos representantes desta Plataforma fixeron entrega dun manifesto destinado aos membros da Comisión de orzamentos da Cámara baixa.

Gallego precisou que se entregaron no Congreso, 10 medidas "contra a pobreza obscena que oprime ao planeta". Manifestou que "é increíble que tres persoas no mundo teñan tanta riqueza como as cidades de Madrid e Barcelona; ou que 8 persoas acumulen tanta riqueza como a metade da poboación mundial". Dixo que "sen unha lei fiscal xusta, sen unha vontade política clara para acabar cos paraísos fiscais, para recuperar o 0,7% de axuda ao desenvolvemento, de loitar e conseguir os obxectivos do desenvolvemento sustentable, a desigualdade

non fará máis que aumentar e a pobreza tamén". Destacou que "nunca xamais o mundo foi tan rico, nin se tiveron tantos medios materiais para combater a pobreza e, con todo, non para de aumentar". "Sen vontade política non podemos facelo". Neste sentido, Carrió afirmou que "por iso estamos aquí, por iso, no Día Internacional de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, UGT non podía faltar, como unha organización a favor dos dereitos de todas as persoas e que reclama poder erradicar a pobreza existente en todo o país".

UGT DEFENDE UNHA REGULACIÓN INTEGRAL QUE ACABE COS ABUSOS EMPRESARIAIS RESPECTO AO HORARIO LABORAL

Redacción.- UGT valora positivamente que o Pleno do Congreso admitise a trámite a Proposición de Lei do Grupo Socialista para incluír, no Estatuto dos Traballadores, a obrigación de rexistrar diariamente a xornada de cada traballador co horario concreto de entrada e saída. Unha medida que permitirá reducir o descontrol, as irregularidades, a fraude e os abusos que se producen en materia de xornada e duración.

Con todo, o sindicato entende que é necesario ir máis aló e abordar unha regulación máis integral da materia, que parta da derogación das últimas reformas laborais. UGT exporá aos distintos grupos parlamentarios as súas propostas como: limitar as horas extras; impedir que o empresario poida decidir, unilateralmente, unha distribución irregular de xornada ou determinar aspectos fundamentais do calendario laboral; así como a actualización das infraccións e sancións para quen incumpra a norma. O Sindicato insta, ademais, a establecer a xornada a 35 horas semanais, unha reivindicación plenamente vixente.

UGT valora que o Pleno do Congreso (co voto favorable de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, PNV e UPN e a abstención de Cidadáns- ERC e o PDeCAT estiveron ausentes neste debate) admitise a trámite a proposición de lei do PSOE que busca obrigar ás empresas para levar un rexistro coas horas traballadas por cada empregado.

Esta Proposición de Lei, presentada o pasado mes de xuño polo Grupo Parlamentario Socialista, persegue modificar o artigo 34 do Estatuto dos Traballadores, no sentido de incluír a obrigación de rexistrar diariamente a xornada de cada traballador e co horario concreto de entrada e saída, constitúe o primeiro paso para poñer coto ao descontrol, as irregularidades, a fraude e os abusos que diariamente se producen nunha das condicións esenciais de toda relación laboral como é a xornada e a súa duración.

Os traballadores viron reducidos os seus dereitos e protección tras as últimas reformas laborais, caracterizadas polo seu marcado carácter desregulador e polo desmesurado poder outorgado ao empresario.

As consecuencias que provoca unha regulación como a actual transcenden o ámbito individual. As “prolongacións de xornadas” non computan a efecto algún, non se pagan, non se compensan, non se cotizan, ademais de impedir unha adecuada conciliación coa vida persoal e de repercutir na saúde e seguridade dos traballadores.

Os aspectos concretos incluídos na Proposición de Lei, xa tomada en consideración, son un bo punto de partida para abordar unha regulación máis integral da materia que parta da derogación das últimas reformas laborais.

Nesta sentido, UGT considera necesario introducir novos elementos que permitan



adecuar as normas ás demandas da sociedade, empezando pola redución da xornada a 35 horas semanais, unha reivindicación plenamente vixente.

Non se pode desaproveitar a oportunidade que ofrece a tramitación desta iniciativa para dar un impulso de modernidade e seguridade sobre esta materia na nosa lexislación.

Por iso, imos expor aos distintos grupos parlamentarios as achegas e propostas de UGT, entre outras, aquelas dirixidas a limitar as posibilidades de realizar horas extras ou a impedir que o empresario poida decidir unilateralmente unha distribución irregular da xornada ou determinar aspectos fundamentais do calendario laboral.

E, por suposto, a actualización das infraccións e sancións para quen incumpra a norma.

A NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PERMITIRÁ MELLORAR A CALIDADE DO EMPREGO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores celebra a aprobación definitiva polo Congreso dos Deputados da nova Lei de contratos de sector público, que permitirá avanzar na protección dos dereitos dos traballadores e traballadoras daquelas empresas que participan nas licitacións de servizos que realizan as administracións públicas. O Sindicato celebra especialmente que o Pleno do Congreso rexeitase as regresivas emendas introducidas ao proxecto do Lei polo Grupo Popular do Senado, que rompían o consenso político co que se tramitou a norma, abrindo a porta ás empresas que menos respectan os dereitos dos traballadores.

A nova Lei de contratos do sector



público ten como obxectivo a transposición á lexislación española das

O texto continúa na páxina seguinte...

Directas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e será de aplicación nunha gran cantidade de actividades que son responsabilidade dos poderes públicos pero que se realizan polas privatizacións de servizos realizadas durante os últimos anos mediante contratos con empresas privadas.

As consecuencias das condicións

nas que se realizan as licitacións dos servizos son de gran relevancia para os traballadores, como puidemos comprobar durante o pasado verán coas mobilizacións realizadas polos traballadores da seguridade privada dos aeroportos, cuxas condicións salariais e laborais desplomáronse, como consecuencia de baixadas temerarias nas ofertas económicas que se realizan para conseguir as adjudicacións, neste como noutros sectores.

Unha parte moi importante da porcentaxe do orzamento con que contan as administracións públicas xestiónase a través de contratos públicos. Nos últimos anos incrementouse a utilización de fórmulas de xestión privada, ata alcanzar, aproximadamente, o 18% do PIB. Por iso, UGT considera moi positiva a aprobación da nova Lei de contratos do sector público porque permitirá mellorar as condicións de traballo nas empresas que acceden a este tipo de contratos coas administracións públicas.

A CES DEMANDA AOS LÍDERES EUROPEOS UN ACORDO PARA PECHAR A BRECHA SALARIAL ESTE-OESTE

Redacción.- No cume social tripartito cos presidentes Juncker e Tusk o primeiro ministro Ratas de Estonia e os ministros de traballo de Estonia, Bulgaria e Austria, Luca Visentini, secretario xeral da Confederación Europea de Sindicatos, pediu que se proclame de maneira rápida un ambicioso Pilar dos Dereitos Sociais e propuxo unha serie de iniciativas que inclúen:

Un "acordo de converxencia salarial" para abordar a brecha salarial existente entre os países do leste e do oeste da UE: unindo ás institucións da UE, gobernos nacionais, empresarios e sindicatos para que se propoñan métodos para aumentar os salarios en Europa central e oriental e poñelos a nivel dos países europeos occidentais.

Un novo enfoque de "transición xusta" para anticipar, planificar e xestionar a adaptación á dixitalización e outros desafíos tales como a eliminación de emisión de gases carbono, tamén unindo a empresarios, sindicatos e autoridades a nivel europeo, nacional e rexional para garantir que se aproveiten as oportunidades e que os traballadores ou determinados colectivos non quedan atrás.

Que a CES firme cos empresarios e a Comisión Europea un compromiso de traballo para a integración de migrantes e refuxiados no mercado laboral.

"Agora non é momento de adop-

tar posicións políticas", dixo Luca Visentini. "Os sindicatos teñen a seriedade e capacidade para resolver os problemas aos que se enfrenta Europa e queremos traballar para levar a cabo solucións conxuntas. Quereamos atopar os cambios que beneficien aos traballadores". Tanto o Cume de Gotemburgo como posteriores cumes sobre o futuro de Europa deben demostrar que a UE quere unha Europa mellor para os traballadores".

As persoas que traballan nos países do leste da Unión Europea perciben salarios moi inferiores á metade dun salario medio dos traballadores da UE15, con datos de

antes de 2014. Os ingresos dos traballadores de 10 países de Europa do leste sitúanse entre o 18% e o 42% menos do que perciben os traballadores en Europa occidental (Bulgaria 18%, Estonia 42%).

Eslovenia é o único país oriental da UE onde os traballadores gañan máis da metade (60%) do salario medio da UE 15.

Un acordo de converxencia salarial podería contemplar cuestións tales como aumento da produtividade, obxectivos para salarios mínimos, negociación colectiva sectorial e negociacións en empresas multinacionais.

